

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de abril de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día dezaseis de abril de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio acctal. á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(429).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(430).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS), ANO 2012. EXPTE. 13736/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 11.04.12, conformado pola concelleira delegada de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos do

Concello de Vigo no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS). Convocatoria 2012", de acordo co texto que se achega no expediente.

BASES E CONVOCATORIA 2012 PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2012) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 315 prazas en réxime de concorrencia competitiva (275 prazas en asignación directa segundo exptes. administrativos 10410/332 e 12791/332 e outras 40 prazas condicionadas á tramitación por parte do servizo de educación do expte. para resolución final de acordo de modificación do contrato vencellado co expte. 10410/332 que concretará unha ampliación económica de 100.000.-€) entre o alumnado do 3.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo; desglosada esta oferta en 220 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos (70% do total da oferta) e 95 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados (30% do total da oferta); a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) 2012, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- Estadía durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado en Irlanda ou Reino Unido, onde se desenvolverá o programa.*
- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).*
- Matrícula do curso de inmersión en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística e programa de integración en escolas públicas ou privadas do Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.*
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*
- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.*
- Aloxamento en casa de familias anfitrías de fala inglesa.*
- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.*

- *Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.*
- *Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.*

Segundo.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria.

O custe de cada praza é de aprox. 2.500 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2012, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión lingüística, contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 772.500,00 euros, con cargo á partida orzamentaria 3210.227.99.17 de Aulas Internacionais (B.V.)

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2012

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2012 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- a) Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2011/2012.*
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO no curso 2010/2011.*
- c) Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.*
- d) Estar empadroadado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2012, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*
- e) Non ter sido beneficiario/a do programa VIGO EN INGLÉS na anterior edición 2011, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.*
- f) Non ter concedida, no ano 2012, outra axuda coa mesma finalidade.*
- g) Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.*

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As 315 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, (275 prazas en asignación directa segundo exptes. administrativos 10410/332 e 12791/332 e outras 40 prazas condicionadas á tramitación por parte do servizo de educación do expte. para resolución final de acordo de modificación do contrato vencellado co expte. 10410/332 que concretará unha ampliación económica de 100.000.-€); conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 220 prazas (70% do total da oferta) en asignación directa para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 95 prazas (30% do total da oferta) en asignación directa para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta dun máximo de 315 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo trece destinos e máximo vintecinco centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadia

O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2012 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións de orientación que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadias dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste periodo, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e simultaneamente impartirase no centro educativo de integración un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadia do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2012 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias. Alomenos unha actividade semanal das programadas contará tamén coa participación activa do alumnado británico, coa finalidade de reforzar o proceso de integración. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída será prioritariamente o de Vigo. No caso de que o aeroporto de saída fose outro (que non poderá estar a máis de 200 kilómetros de Vigo), a empresa adxudicataria do desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS trasladará o alumnado a este aeroporto desde os puntos que se determinen desde o Servizo de Educación.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa PILI do Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, mediante o fax 986221726, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org> e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), achega familiar que corresponda, será publicada na páxina web específica do programa <http://www.vigoeningles.org> e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 23 de abril ao 11 de maio, ambos inclusive. A resolución provisional da convocatoria publicarase a máis tardar o 31 de maio. A partir da data da publicación na páxina web da concesión das prazas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo V.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V)

no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargarlos da páxina web <http://www.vigoeningles.org>.

A solicitude deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. Nela deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax á oficina do programa VIGO EN INGLÉS (986221726) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo.

Documentación:

- Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no Anexo I.
- Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).
- Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do Anexo I.
- Certificación académica orixinal, segundo modelo que figura no Anexo II, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro sostido con fondos públicos do Concello de Vigo no curso 2011/2012, e con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 6, e de ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.
- Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no Anexo III.

- *Fotocopia simple y completa do libro de familia ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais co achegamento da fotocopia simple do título de familia numerosa en vigor.*
- *Declaración de non ter concedida, no ano 2012, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no Anexo IV.*
- *No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidiran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adjudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días naturais, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,c) :

- a) *O correcto cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases.*
- b) *A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:*
 - *Nota final: 6 → 1 punto*
 - *Nota final: 7 → 2 puntos*
 - *Nota final: 8 → 3 puntos*
 - *Nota final: 9 → 4 puntos*
 - *Nota final: 10 → 5 puntos*
- c) *A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, á que se aplicará o seguinte baremo:*

- Categoría xeral → 1 punto
- Categoría especial → 2 puntos

A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Os ingresos da unidade familiar serán o resultado da suma dos importes dos recadros 455 e 465 da declaración da renda do último exercizo. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezaioito anos ou fillas/os maiores de dezaioito anos con minusvalidez superior ao 33%.

RENDA PER CÁPITA MENSUAL	ACHEGA FAMILIAR
Ata 832.-€	Exento
Entre 833.-€ e 1.040.-€	300.-€ (equivale ao 12% custe da praza)
Maior de 1.041.-€	625.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 315 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 220 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 95 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

No caso de se producir empates na puntuación final, estes resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. No caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

Oitavo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada do Servizo de Educación, que actuará de presidenta, o Xefe de Servizo e un funcionario/a do Servizo de Educación, que actuará como secretario/a. Este órgano colexiado emitirá unha proposta de resolución provisional na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no VIGO EN INGLÉS 2012

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Noveno.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://www.vigoeningles.org>. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

O prazo de resolución e notificación das prazas non excederá de 16 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

Décimo.- Aceptacións e renunciacións

Os alumnos e alumnas que resulten adxudicatarios das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2012 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no Anexo V nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.

Para esto último e no prazo indicado, deberán achegarse polo Servizo Municipal de Recaudación en horario de 09,00 a 13,30 hs. para recollida do recibo de pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar que explicitará no concepto "Pago praza VIGO EN INGLÉS 2012 do alumno/a ..." e posteriormente deberán pagar na entidade bancaria sita na lonxa do Concello. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente xustificada (enfermidade, accidente ... co correspondente xustificante médico).

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 8 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS a documentación necesaria para a realización da viaxe, perderá a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

Décimo primeiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo segundo.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceiro.- Disposición adicional

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.

Décimo cuarto.- Disposición final

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria. En todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será de aplicación o regulamento de réxime interno que será establecido polo Concello de Vigo

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2012 (CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)

1. Datos do/a solicitante (pai e nai ou titor legal do/a alumno/a)					
Nome e apelidos do pai ou titor:					
Nome e apelidos da nai ou titora:					
DNI/ NIE pai ou titor:			DNI /NIE nai ou titora:		
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:			Provincia:		
Teléfono fixo:			Teléfono móbil:		
Correo electrónico:					

2. Datos do/a alumno/a					
Primeiro apelido:					
Segundo apelido:					
Nome:			DNI / NIE		
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:		Provincia:			
Data de nacemento:		Sexo:		Home	Muller
Teléfono fixo:			Teléfono móbil:		
Correo electrónico:					

3. Observacións						
<i>Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.:</i>						
4. Datos académicos						
Centro no que estuda:						
Nivel de estudos no curso 2011/2012:						
Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO:		6	7	8	9	10
Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas:		Si				

5. Datos relativos ao adxudicatario	
<i>É de nacionalidade española ou residente legal:</i>	<i>Si</i>
<i>Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2012 :</i>	<i>Si</i>
<i>Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2011/12:</i>	<i>Si</i>

Ten concedida , no ano 2012, outra axuda coa mesma finalidade que a presente:

Si

Non

6. Documentación que achega (risque cun X)

Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do/a alumno/a.

Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal.

Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal.

Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2011/2012, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

Outros (especificar):

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL

Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información á que se refire o art 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia en relación co cumprimento das miñas/nosas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia

Parentesco co Alumno/a	Nome e Apelidos	DNI / NIE	Sinatura
Pai / Titor / Outros			
Nai / Titora / Outros			

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2012, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tramamento necesario e a publicación destes datos.

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor legal)

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2012

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

Programa VIGO EN INGLÉS 2012

Don/Dona:.....,com
o director/a ou secretario/a do centro educativo

.....
verifica que o/a alumno/a
solicitante dunha praza no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012),
organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo:

- Está matriculado neste centro en 3º da ESO no curso 2011/2012.
- Ten todas as materias aprobadas de 2º da ESO.
- Ten unha nota media en lingua inglesa en 2º da ESO de

Vigo, de de 2012

Asinado

Selo do Centro

ANEXO III

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Programa VIGO EN INGLÉS 2012

Don/Dona:.....,
co DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
solicitante autorizo a,
a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012) organizado
polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o periodo setembro-outubro de 2012, e
a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.
Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, de de 2012

Asinado.

pai/nai/titor/a

legal:

ANEXO IV

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA A
MESMA FINALIDADE

Programa VIGO EN INGLÉS 2012

Don/Dona:.....,
co DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
....., co DNI/NIE
nº

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en
Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012), consonte as "bases e convocatoria para a
adxudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2012 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de
centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

^ Que ten concedidas no ano 2012 as seguintes axudas, de calquera Administración ou
calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación con programas de
inmersión lingüística:

.....
.....

^ Que non ten concedida no ano 2012 ningunha outra axuda para a participación en
actividades de inmersión lingüística coa mesma finalidade que as previstas no VIGO EN
INGLÉS 2012.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado.

pai/nai/titor/a

legal:

Vigo, de de

2012

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

Programa VIGO EN INGLÉS 2012

DATOS DO SOLICITANTE

- DNI/NIE:
- Nome:
- 1º apelido:
- 2º apelido:

DATOS DO ALUMNO/A

- DNI/NIE:
- Nome:
- 1º apelido:
- 2º apelido:

ACEPTACIÓN	RENUNCIA

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2012 consonte coas bases da súa convocatoria

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , de de 2012
Servizo de Educación
Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)
Praza do Rei s/n, Pranta 11ª
36202 Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.